



## ANEXO

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCOS DE ALIMENTOS PARA A CAPTACIÓN, ADQUISICIÓN, ALMACENAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS ENTRE AS SÚAS ENTIDADES FEDERADAS E OUTRAS ENTIDADES ASISTENCIAIS OU BENÉFICAS, NO EXERCICIO 2025

#### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social e Igualdade,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Federación Gallega de Bancos de Alimentos (Fegaban) o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2025, financiándose, non obstante, os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto que Fegaban realice a captación, o almacenamento e a distribución de alimentos entre as entidades que constitúen a devandita Federación e outras entidades de carácter benéfico ou asistencial, legalmente constituídas con esa finalidade, que actúen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo tamén a adquisición dos alimentos cando a súa captación resulte insuficiente o que, en último termo, fai posible que as persoas en risco de exclusión social poidan satisfacer as súas necesidades alimenticias básicas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





A concesión directa da axuda prevista neste convenio de colaboración xustifícase por estar recollida nominativamente na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, de acordo co establecido no artigo artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e coa finalidade de cumprir o preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

